



IV PREMIO A ARTIGOS XORNALÍSTICOS NORMALIZADORES CONCELLO DE CARBALLO 2008



1. Obxectivos

O Concello de Carballo, desde o seu Servizo de Normalización Lingüística e en colaboración con varios medios de comunicación escritos, convoca o **IV Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2008** cos seguintes obxectivos:

- Promover a reflexión sobre a situación social da lingua galega.
- Crear espazos nos xornais para analizar e promocionar o uso do idioma galego.
- Promover o uso do galego na prensa escrita.

2. Participantes

Poderán participar neste concurso de xeito individual todas aquelas persoas que o desexen, sen límites de idade, nacionalidade, profesión, etc. Cada participante deberá facelo cun único artigo.

3. Características do artigo

Os artigos serán inéditos, deberán estar escritos en galego e deberán contar cos trazos máis significativos do estilo xornalístico: carácter divulgativo e/ou de opinión, estilo breve e directo, linguaxe xornalística, etc.

Neles tratarase algún tema concreto relacionado coa defensa e promoción da lingua galega, co seu estatus, con propostas ou análises sobre o proceso de normalización lingüística nalgún sector ou ámbito determinado, coa lexislación e os dereitos lingüísticos, con experiencias sociolingüísticas concretas, con accións de impulso ao uso social do galego, con experiencias útiles ou favorábeis para a dinamización da lingua, coa política lingüística, etc.

Os artigos presentados deberán ter entre **2.500 e 3.500 caracteres** con espazos incluídos (entre 450 e 600 palabras, aproximadamente).

COLABORAN CON ESTE PREMIO E PUBLICARÁN OS ARTIGOS GANADORES



A Penseira

Diario de Mercantiles

Galicia Hoxe

La Opinión

La Voz de Galicia

O Acontecer

TEMPOS

VIEIROS
Novas na tua vida



4. Forma de presentación

Os artigos presentaranse nun sobre grande pechado, deberán estar asinados cun pseudónimo e neles non poderá figurar o nome nin ningunha outra referencia ao autor ou á autora.

Dentro do sobre grande incluírase tamén un sobre pequeno pechado que levará escrito por fóra o título do artigo e o pseudónimo da súa autora ou autor. No seu interior figurará o nome e apelidos do/a autor/a, o enderezo completo, o número de teléfono, o enderezo electrónico, un breve currículo e o título do artigo e o pseudónimo utilizado.

Os artigos deberán presentarse por **cuadriplicado** no Rexistro de Cultura, Ensino e Normalización Lingüística do Concello de Carballo (Pazo da Cultura) ou por correo certificado en sobre pechado no que se deberá incluír toda a documentación requirida. No remite debe sinalarse o pseudónimo empregado e na parte dianteira do sobre:

IV Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2008
Rexistro de Cultura, Ensino e Normalización Lingüística
Pazo da Cultura, 1.º andar
Rúa do Pan s/n
15100 Carballo

Horario do rexistro: de 10.00 h a 13.30 h.

5. Prazo de presentación

O prazo de admisión de artigos rematará o **18 de abril** de 2008.

6. Premios

Outorgaranse dous premios:

- 1.º Premio: 1.000 euros e a publicación do artigo en todos os medios colaboradores.
- 2.º Premio: 350 euros e a publicación do artigo en todos os medios colaboradores.

7. Xurado

O xurado estará composto por tres persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Carballo.

8. Selección, avaliación e entrega de premios

Para a selección dos traballos premiados, o xurado terá en conta:

- A capacidade de incidencia no público.
- Os contidos orixinais e atractivos.
- A concreción do tema nun ámbito ou sector.
- A adecuación ao tema e xénero solicitado.
- A clareza expositiva e a calidade lingüística.

COLABORAN CON ESTE PREMIO E PUBLICARÁN OS ARTIGOS GANADORES



A Península

Diario de Mercantiles

Galicia Hoxe

La Opinión

La Voz de Galicia

O Acontecer

TEMPOS

VIEIROS
Novas na tua vida



Ao xurado correspóndelle avaliar e deliberar sobre os traballos presentados e poderá declarar deserto algún premio ou todos eles, así como conceder libremente algún accésit, aínda que sen dotación económica.

A decisión do xurado farase pública no prazo máximo de 25 días despois do remate do prazo de entrega de artigos. A entrega de premios terá lugar nun acto público nunha data que se anunciará coa suficiente antelación. Os/as autores/as premiados/as comprométese a asistir a este acto.

A data de publicación dos artigos premiados nos xornais colaboradores será anunciada canda a do acto público de entrega de premios.

9. Base final

Os artigos premiados quedarán en propiedade do Concello de Carballo, quen terá todos os dereitos sobre eles.

Para a súa publicación, os artigos poderán ser revisados lingüisticamente.

Transcorrido un mes desde a entrega de premios, os artigos non premiados que non sexan recollidos serán destruídos.

A participación supón a total e plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá unicamente a opinión do xurado.

Colaboran con este Premio e publicarán os artigos gañadores

- *A Nosa Terra* (diario dixital e semanario impreso)
- *A Peneira* (quincenal)
- *Diario de Bergantiños* (diario)
- *Galicia Hoxe* (diario)
- *La Opinión de A Coruña* (diario)
- *La Voz de Galicia* [edición Carballo] (diario)
- *O Acontecer* (semanario)
- *Tempos Novos* (revista mensual)
- *Vieiros* (xornal dixital)



COLABORAN CON ESTE PREMIO E PUBLICARÁN OS ARTIGOS GAÑADORES



A Peneira

Diario de Bergantiños

Galicia Hoxe

La Opinión

La Voz de Galicia

O Acontecer

TEMPOS

VIEIROS
Novas no teu día